

03 ABRIL 2008 NÚMERO 711

**rdl**

REVISTA  
**DAS  
LETRAS**



**Memoria histórica**



# Memoria histórica

## Colectivos de base

Moito antes de que as institucións públicas se implicasen na recuperación da memoria histórica no noso país, unha morea de colectivos de cidadáns comprometíanse cos represaliados do franquismo e as súas familias dedicando os seus esforzos a rescatar a verdade. A investigar e divulgar a represión e a resistencia en Galicia. A dignificar os que sufriron os abusos de poder da ditadura. A loitar contra o esquecemento. Hoxe, o traballo destas entidades acadou unha notoria visibilidade, ao abeiro da política de impulso da recuperación da memoria do novo Goberno. E, como cando actuaban sen ningún apoio público, enfrontándose ao pacto de silencio da Transición, merecen o recoñecemento do dereito a ser considerados depositarios de honra da conciencia da nosa historia. Homes e mulleres que se negaron a actuar como se nada tivese ocorrido. Revista das Letras falou con algúns deles para coñecer os seus proxectos, reivindicacións e inquiredanzas.



Na foto, a Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica busca os restos do alcalde republicano Severino Rivas, paseado no ano 1936, nunha parroquia de Castro de Rei. A imaxe de portada corresponde a unha homenaxe aos represaliados do franquismo celebrada en Ferrol no ano 2006.

“Avanzouse pero falta moito por facer, por institucionalizar, por asumir, por homenaxear e por divulgar”. A Asociación para a Dignificación das Vítimas do Franquismo (ADVF), de Lugo, condensa nesta reflexión o seu balance sobre o traballo realizado en Galiza pola recuperación da memoria dos represaliados. A valoración achegada pola ADVF conflúe co sentir xeral dos múltiples colectivos galegos que, desde moito antes de que as institucións comezaran a actuar neste ámbito, loitan porque a historia da represión e a resistencia no noso país non se esqueza. Máis de corenta destas entidades agrupáronse na rede Iniciativa Galega pola Memoria, que o ano pasado difundiu un manifesto sobre a Lei da Memoria que nese momento se estaba a debater no Parlamento do Estado.

“Non é a lei que nós queríamos, pero é a que saíu do Congreso, como resultado dun acordo non fácil de alcanzar entre os distintos partidos. Sabíamos que o PP se ía opoñer fora como for o texto... A lei queda moi coxa en varios aspectos. Nós esixíamos a declaración de nulidade dos xuízos franquistas, e a aplicación do dereito internacional, incompatible coa prescriptibilidade dos delitos. Pero é a lei que temos, e o que nos preocupa agora é que, polo menos, se cumpra o que recolle, cuestión que non semella garantida ante declaracións como as do alcalde da Coruña negando que exista na cidade simboloxía franquista”, explica Beatriz Gómez, membro desta plataforma.

Os colectivos de base levaron adiante o seu labor investigador e divulgador en contra do pacto de silencio acadado na Transición. “Estamos aínda nunha situación de democracia cativa, na que se segue considerando o réxime actual como herdeiro do anterior, que o tería outorgado a cambio da renuncia ao revisionismo ou a posta en cuestión da súa lexitimidade. Ignóranse así os principios básicos dos Dereitos Humanos e a lexislación internacional ao respecto, quedando España, unha vez máis, á marxe dos mesmos, e máis Galicia, pois foi a única

comunidade peninsular obxecto de represión liquidacionista sen fronte de guerra, ocupada por un exército que desatou a barbarie contra a poboación civil sen ter enfronte outro exército. O xenocidio da clase dirixente –políticos, intelectuais e funcionarios– e do proletariado militante en Galicia é un crime de guerra que, ademais de quedar impune, se pretende que quede esquecido, co fin de rematar as vítimas”, apuntan desde a ADVF.

En Galiza, o cambio de Goberno trouxo consigo importantes mudanzas de actitude e actuación neste eido, que os colectivos consultados aprecian, aínda que demandan o profundamento do compromiso das institucións neste sentido. “Algunhas institucións implicáronse puntualmente e mesmo algunha con políticas da memoria. Pensamos que precisamente os políticos galegos con máis futuro son algúns dos que máis se implicaron: Méndez Romeu, Luís Bará, Celestino Poza, Yolanda Díaz...”, comentan desde a ADVF. A celebración do Ano da Memoria, promovida pola Consellaría de Cultura no ano 2006, marcou unha viraxe respecto do pasado, que hoxe atopa continuidade en iniciativas como a recentemente inaugurada mostra ‘Rostros da Memoria’, as subvencións para actividades a prol da recuperación da memoria, o programa de visitas á Illa de San

Simón, o proxecto ‘As vítimas, os nomes, as voces e os lugares’ –orientado á investigación das identidades das vítimas, as súas biografías, as circunstancias dos encausamentos aos que foron sometidas e as súas consecuencias– ou o ‘Castelao’, –cuxo obxectivo é reunir nun catálogo completo a obra deste galeguista–.

“Iniciativas como a creación do Consello da Memoria”, –órgano asesor da Xunta–, “ou o impulso do Ano da Memoria, resultaron extremadamente produtivas, pero non deben quedar reducidas a efemérides. É necesario, por exemplo, divulgar o coñecemento acadado no eido da memoria histórica entre a xente nova, a través dos centros de ensino”, opina o xerente da Fundación Alexandre Bóveda, Uxío-Breogán Diéguez.



A retirada da simboloxía franquista é unha das reivindicacións máis comúns dos colectivos que traballan en Galiza pola recuperación da memoria histórica. Recentemente, o Parlamento aprobou, co apoio do PSdeG e o BNG, unha proposición non de lei para instar o Goberno para actuar neste sentido nos edificios públicos dependentes da Xunta, contra a que o PP se opuxo, presentando unha emenda en favor de eliminar “toda simboloxía en referencia contraria á Constitución española do 1978”. Na mesma liña, no 2006, o PP abstívose na votación dunha iniciativa presentada polo BNG para a rehabilitación xurídica, persoal e moral de Alexandre Bóveda e de todas as persoas asasinadas e apresadas por defenderen a legalidade democrática, as aspiracións de autogoberno de Galiza e a xustiza social.

“A Coruña é a capital da simboloxía franquista”, ironiza o presidente da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, Manuel Monge. “A proposición non de lei aprobada no Parlamento é un paso adiante, pero non unha garantía. O alcalde da Coruña xa dixo que non hai simboloxía franquista na cidade, e a Consellaría de Sanidade que ‘non tiña constancia’ de que ninguén tivese pedido o cambio de nome do Juan Canalejo. Deberíase facer un inventario de rúas, monumentos..., de toda a simboloxía franquista. A lei tamén quedou curta noutros aspectos, como a reparación das vítimas. A Lei de memoria do Estado establece o dereito á indemnización para as persoas que pasaran polo menos tres anos na cadea. O Parlamento galego debería actuar para rebaixar este prazo, como se fixo noutras comunidades”, cre.



Nós-UP está a levar a cabo no noso país unha intensa campaña de retirada de símbolos franquistas. “En maio do ano pasado colocamos diante da porta de San Caetano máis de 200 placas, escudos, nomes de rúas... retirados de edificios e espazos públicos. O PP denunciounos a consecuencia desta acción. Por tentar que se aplique o que di a lei, estamos sendo procesados, multados... e a Xunta está colaborando nisto coa Garda Civil. O Congreso aprobou unha Lei de memoria histórica incompleta, que exclúe, da retirada dos símbolos, os espazos relixiosos. O

Parlamento galego aprobou, a partir desta lei, unha proposición non de lei que tamén é parcial, xa que exclúe os edificios da Igrexa e os públicos que teñen un ‘prestixio especial’, como podería ser o Juan Canalejo. A lei estatal tampouco establece unha reparación completa dos represaliados, aos que case equipara cos sublevados contra o Goberno da República”, afirma o portavoz nacional desta organización, Maurício Castro.

A retirada dos símbolos franquistas é tamén unha prioridade para outros colectivos, como a Asociación socio-cultural de Silleda Adellís. “Tivemos éxito en Bandeira, e seguimos traballando nisto en Silleda.

Sacar do concello os símbolos franquistas é unha das nosas principais preocupacións, como a recuperación de figuras como a de Antón Alonso Ríos, –o Señor Afranio–, Ramón de Valenzuela ou Fernández Colmeiro ou a organización de roteiros da memoria”, subliña Matías Rodríguez, presidente desta asociación. A CIG solicitou tamén, hai uns días, a retirada dos símbolos franquistas dos centros de ensino.



En relación coa Lei da Memoria aprobada no Congreso, outra das reclamacións nas que conflúen os distintos colectivos de base é a referida á exhumación dos restos das persoas que foron 'paseadas' polos sublevados. "A lei impulsa un mapa de localizacións. Pero o que nós reivindicamos é que sexa o Estado o que faga as exhumacións. Non chega con darlles axudas ás asociacións", asegura Beatriz Gómez. O acceso aos arquivos é tamén motivo de inquedanza para as asociacións consultadas. "Unha das cousas que sería moi importante é que os arquivos estivesen abertos dun xeito máis claro. Hai documentación que está practicamente secuestrada. Debería estar dixitalizada para que as familias e os investigadores tivesen un acceso máis fácil a ela", sinala José Collazo, de Cangas pola Memoria Común.

O director do arquivo e da biblioteca da Fundación Luis Tilve, Guillermo Pérez, amósase de acordo con Collazo ao indicar que "o que queda por facer é máis responsabilidade da Administración que dos colectivos. No Arquivo Militar de Ferrol, por exemplo, é moi difícil atopar o que buscas entre expedientes de centos de páxinas. A Deputación da Coruña fixo unha lista de Consellos de Guerra que deberían ter tamén as outras Deputacións". Pola súa banda, o director da área de Historia da Fundación 10 de marzo, Víctor Santidrián, engade que "co cambio de Goberno houbo unha mudanza evidente, con liñas de apoio por parte da Administración que agardamos que se consoliden. Tamén conviría darlle forma legal ao Consello da Memoria, que polo momento é un organismo non oficial, e crear xa o Centro pola Memoria do que falou a Consellaría".

O historiador e membro da Asociación Ecoloxista e Cultural Terra de Montes Verbo Xido, Dionisio Pereira, liga os obstáculos que

atopan os investigadores para desenvolver o seu traballo coas "xeneralidades" e imprecisións da Lei da Memoria. "A lei deixa moitas cousas no aire", pensa, "polo que se non hai presión por parte da sociedade, non se vai cumprir. No caso dos arquivos, temos exemplos de algúns aos que non lles deixaron aos historiadores acceder. No noso colectivo, unha das principais prioridades é a defensa da liberdade de investigar e do dereito a saber por parte dos cidadáns. O noso traballo sobre memoria histórica estivo moi lastrado polas denuncias das que tanto eu como o arqueólogo Alfredo González Ruibal fomos obxecto por parte da familia do alcalde falanxista Manuel Gutiérrez Torres. Alfredo enfróntase a unha denuncia que vai polo penal, non polo civil, e pídenlle 100.000 euros de indemnización".

Pereira cre, ademais, que "hai un parón na actividade dos colectivos". O tamén historiador Bernardo Máiz matiza que "do que pasou ata o 1939 hai bastantes estudos, e aumentaron nos últimos tres anos. Pero dos anos 40, 50, 60, e ata a actualidade, aínda quedan moitas lagoas, e non serve como escusa iso que adoitan dicir de que teñen que pasar varias décadas para ter perspectiva. Iso é unha parvada. Por parte da Universidade hai un excesivo academicismo. E despois tamén hai moito afeccionado que carece de método. Non hai un termo medio. A Universidade debería orientar sobre como investigar, pero non dicir que investigar e que non. Moitas veces os profesores acaban desmotivando os alumnos interesados en investigar, porque non lles axudan a estudar o que realmente queren, senón que os orientan cara ao que lle interesa ao profesor. Hai moito estudo local, pero falta unha visión de conxunto. Como faltan estudos de persoas, situacións... E deben facerse antes de que morran os protagonistas. Tamén se producen ocultacións e manipulacións da historia".



### **"NON CAER NO VITIMISMO"**

Rosa Bassave, membro da CNT, coincide con Máiz na súa denuncia da "manipulación da historia", e avoga por "non caer no victimismo. Se houbo represión, é porque había organización dos traballadores en Galicia. Porque estaban facendo cousas: escolas, empresas cooperativas... e conseguindo transformar a sociedade. Cuestionaban a orde social, e por iso foron represaliados. Temos que reivindicar isto, e non falar só de vítimas".



### **"OS AVANCES CHEGARON TARDE"**

"Co goberno socialista houbo avances, pero chegaron tarde. Hai cousas que xa están perdidas. Por exemplo, hai persoas ás que xa non podemos entrevistar porque faleceron nos últimos 25 anos. A Lei da Memoria ten defectos importantes como que non resolveu a cuestión dos xuízos franquistas, ou que non di nada das incautacións de bens que houbo por parte dos sublevados, e que deberían ser devoltos", engadiu Bassave.

Os colectivos de base centran a súa actividade na “investigación, dignificación e divulgación”, segundo explica Carlos Garrido, da Comisión pola Memoria Sinhor Afranio, de Pontevedra. “En investigación, a pesar do impulso que lle deu a Consellaría de Cultura, sobre todo co apoio á Universidade, queda moito por facer. Aínda non coñecemos o alcance real que acadou a represión, e que foi moito máis alá dos fusilamentos: represión tamén foron os encadeamentos, a censura, a perda de postos de traballo...

A dignificación vaise desenvolvendo pouco a pouco, sobre todo a través de efemérides celebradas arredor dos represaliados. Na divulgación, o Ano da Memoria supuxo un salto cualitativo. A nivel bibliográfico si se fai moito”, indicou.

Pepe Álvarez, de Sempre con vós: Cidadanía pola verdade, asegura, pola súa banda, que “hai moita investigación. Faltan cousas, pero niso avanzouse moito. O máis necesario é mellorar a divulgación, dar a coñecer o que pasou, porque hai moito descoñecemento por parte da poboación. Téndese a lembrar e homenaxear ás persoas que ocuparon cargos importantes, pero non tanto ás menos coñecidas”.

Así, as entidades que traballan na recuperación da memoria histórica promoven actos de homenaxe a represaliados, xornadas, exposicións, conferencias, roteiros con contido histórico, publicacións en papel e audiovisuais, recopilacións de documentación variada, realizan entrevistas orais, apoian ás familias na busca de datos sobre as vítimas da represión... O

O apoio das institucións, –Xunta, concellos...–, supón unha importante achega para estes colectivos, que non esquecen a autocritica á hora de definir a súa actuación. “O movemento non se acabou de articular. Ás reunións da Iniciativa Galega pola Memoria moitos dos colectivos foron asistindo cada vez menos. Hai unha atomización política, e iso non é bo. Na Consellaría de Cultura, o BNG deposita a súa confianza en exceso nos cargos deles. Os colectivos traballan moito a nivel local. Pero falta articular o

conxunto”, opina Ánxel Rodríguez Gallardo, da Asociación Memoria Histórica 36, de Pontearreas.

As diferenzas de criterio, que poden ser unha vantaxe en certos aspectos e un problema noutros, fanse patentes nas declaracións dalgúns entrevistados. “Nós temos unha visión supragalega. Porque hai xente que loitou por Galiza desde fóra de Galiza, como Julián Grimau, que non era galego. A nós non

nos interesan só os mártires galeguistas, senón todos os mártires republicanos. A lei de Zapatero non nos gusta, pero é mellor que nada. O noso colectivo non soporta a contaminación moral que suporía adicarlle un monumento a Fraga. Nós preguntámonos, tamén, por que os colectivos da memoria histórica non se concentran diante das Igrexas que conservan símbolos franquistas. Teríamos que facerlle entoar á Igrexa un ‘mea culpa’. Porque non tivo nin a categoría que demostrou o Partido Comunista da Unión Soviética cando Krushev recoñeceu os erros e horrores de Stalin”, salientou Xesús Alonso Montero, do Foro pola Memoria Republicana de Galiza.



**Coordinación: A.R. López e Montse Dopico. Deseño: Signum.**



10 ABRIL DO 2008 - NÚMERO 712

**rdl**

REVISTA  
DAS  
LETRAS



**Xelís de Toro**  
**ROUGH COMPANY**



Xelís de Toro –un dos embaixadores da creación galega na Gran Bretaña– presentou en marzo pasado en Compostela a súa máis recente experiencia artística: Rough Company, un grupo de acción interdisciplinar que formou, entre outros, con Jim Sanders e Andrew Wood. Para o grupo, o escritor galego realizou varios textos que agora reproducimos en Revistas das Letras e que apontoan a narración expansiva de De Toro, un dos nomes imprescibles da contracultura en Galicia desde os anos oitenta. Canda os textos, incluimos imaxes tiradas dos vídeos de Wood e o cadro de Sanders que deu orixe a 'Os cachorros', título da montaxe que trouxeron a Compostela tras a súa estrea en Brighton e Londres. O resultado é un percorrido tan inquietante como indagador, froito dunha esculca que encontrou na acción o complemento de compromiso para unha escrita radical.

Estiro os músculos da cara. Estiro a miña lingua. Penso e desexo comida. Teño fame. Gustaríame ver algunha outra cousa pero só vexo comida. Escoito toneladas e toneladas de comida ao caer. Olo carne nos seus ósos. Podo sentir as raíces do trigo medrando debaixo dos meus pés. Podería comer as miñas unllas ata que sanguen. Gustaríame sentir algunha outra cousa pero só podo sentir fame. Teño fame logo existo. Teño fame ata nos ósos. Escoito ruído onde noutrora estaba o meu estómago, mais hoxe só hai un baleiro. Alí, dentro moi profundo hai un buraco negro. Alí, dentro moi profundo podo sentir un big bang. Alí dentro, moi profundo, algo está a acontecer, un universo de fame esta a agromar, emerxendo dende o caos. Axiña, tomará o control. Axiña este universo será máis grande ca min. Axiña non serei eu o que teña fame, será a fame quen me teña a min. Teño tanta fame que podería comer os meus propios dedos. Teño tanta fame que podería comer os meus propios dentes cos meus propios dentes. Podería comer o aire que respiro. Trágoo e trato de saborealo por se acaso pero sigo a ter fame. Tiña fame, teño fame e sempre terei fame. Teño tanta fame que podería comer os meus propios pensamentos. Non podo lembrar un tempo no que non tivera fame. Nin sequera podo imaxinar un tempo no que non terei fame. Teño fame logo existo. Sigo a dolor no meu estómago que me leva de fame a fame. Podería sentar no cume dunha montaña buscando polo horizonte e o único que vería sería un ceo baleiro que necesita encherse como se fose un estómago baleiro. Estiro os músculos da cara. Estiro a miña lingua. ...



Estou tan só que podería falar coa miña propia sombra se non fose porque xa me abandonou. A miña sombra xa non está comigo, anda posiblemente a busca doutro corpo, outro corpo que lle poida ofrecer mellor compañía. Así, cando o sol sae, lémbreme o só que estou. Miro o mundo pasar diante dos meus ollos, deste xeito teño algo que contarme cando falo comigo mesmo diante do espello. Espello, son eu. Si, son eu de novo. Falo a pasiño para que duren as palabras. Preciso de alguén que me diga que preciso de alguén. Collo o teléfono e chamo ao número infinito para incrementar as posibilidades de que alguén conteste. Quen é? Quen é? Que? Son eu. Co paso do tempo e a medida que a saudade se vai apoderando da miña vida vou aprendendo algúns trucos: cando estou nunha estación de tren, tiro o meu reloxo as vías para poder preguntarlle a hora a algún compañeiro de viaxe. Ten hora? Onde vai? Estou tan só que podería falar coa miña propia man. Oxalá puidese escoitar un ton de voz diferente do meu. Outra maneira de usar as palabras, unha linguaxe diferente. Quen? Que? Onde? Como? Por que? Tantas preguntas e ninguén que as conteste. Eu non deixei eses pratos na mesa. Eu non fixen isto. Alguén debe ter estado aquí, alguén debe ter comido a miña comida e despois marchou sen fregar a louza. Estar só é faltarche algo. Estar só é estar fóra sempre. Estar só é ser eu constantemente. Preciso unha boca xigante, unha boca xigante que nunca pare de falar de si mesma para así esquecerme de min mesmo e pensar nela. Unha boca falabarata que me faga escoitar sen parar e así esqueza o so que estou. Dirame que comidas lle gustan, cales son as súas películas favoritas, tes irmáns ou irmás? Que raro, escoito ruído abaixo. Sishhhh. Debe haber alguén abaixo. A miúdo, vou debaixo das pontes para escoitar o eco dos meus pasos no firme e berro moi alto: Quero falar contigo. Camiño en círculos, así podo seguir as miñas propias pegadas e podo sentir que me estou achegando a alguén. Quen deixou as luces acesas? Algunhas veces podo sentir unha respiración detrás da caluga. Estou tan só que engulín unha radio, así podo sentir unha voz constante dentro do estómago falando comigo. Alguén está falando comigo, fala comigo, escoita, fala comigo, escoita. Quen é? Quen escoita isto?



Levo moito tempo camiñando e ao principio debín facelo nalgunha dirección, ou polo menos un intento de dirección, probablemente cando comecei a miña andaina, co meu primeiro paso. Estou camiñando desde logo pero non sei cara a onde vou. Nunca estiven dúas veces no mesmo sitio. Iso non me pode acontecer a min. Camiño e camiño pero non sei a onde. Sei que algunhas xentes utilizan os planetas para guiarse na dirección correcta pero iso quere dicir que saben onde queren ir, teñen un destino, unha final ao seu camiñar. Eu non son desa raza. De feito algunhas veces pregúntome se xa cheguei ao lugar ao que me dirixía. Ter morriña sería un luxo, porque iso quere dicir que boto de menos o meu fogar, e sabería cal é o meu fogar. A sensación de ir ou vir de algún lugar éme estraña. O meu fogar é camiñar, deambular sen fin, estando en ningún lugar, camiñando en lugares que non existen, estar en transición entre zonas. Por aí ou por alí. Polos dous sitios, calquera, dáme igual. Non sei onde está Norte, debe ser un lugar onde algo vai ou algo vén. Norte debe ser un lugar fermoso, só tes que escoitar a palabra Norte para darte de conta de que debe ser un lugar fermoso, Norte. Norte, debe ser nalgún lugar, algún lugar lonxe. Norte debe ser nalgún outro lugar. A menos que eu sexa Norte, unha dirección en movemento tratando de encontrar exactamente onde me dirixo. Estou perdido e non sei onde vou pero vou, porén se cadra tamén estou de volta. Eu sei que camiño porque nunca vin a mesma cousa dúas veces. Algo ou alguén debe estar a chamar por min ou algo ou alguén me debe estar botando fóra, cuspiéndome no mundo. Os meus ollos adquiren tics nerviosos como se estiveran todo o tempo en busca de sinais, direccións cara a rutas escondidas, como se houbo unha sospeita latente de que debaixo de cada paso hai unha ruta agochada lista para tomarse. Cantas máis direccións máis posibilidades de perderse. Ese camiño é o mellor mais o outro tamén o é. Algunhas veces teño a sensación de que xa cheguei a ese lugar, si, o lugar. Un lugar que debe ter un significado especial para min. Que todo ese camiñar é en balde. Non sei facer outra cousa. Un paso primeiro, outro paso despois. Se puidese enviar as miñas pernas en sentidos opostos sería aínda mellor porque podería estar perdido en dous lugares diferentes ao mesmo tempo.



Sinto que estou deitado no chan. O peito sobe e baixa. O meu corazón encóllese e despois parece estoupar. Latexa coma un tolo. Eu sei o que é, podo sentilo, podo presentilo mais non me atrevo a dicilo. É como se nomeándoo o trouxese á vida, o fixese máis real do que xa é. Porque xa é. Xa está, busca un lugar onde acubillar e alí goberna. Non precisa dicir nada, non precisa de facer un xesto para eu saber que está aí. O meu corpo comeza a tremer e a suor comeza a cubrir a miña pel. Non podo moverme, pensar ou sentir, sentir si, si que sinto, sinto que está aí, ou aquí ou en min, sinto que o teño ou que me ten. Porque é el o que apreixo, non eu, el é o que o aferrolla a miña vontade, non eu, a miña respiración, a miña respiración tamén. En intres que me semellan de lucidez decido fuxir, liscar, escapar mais sei que iso que non me atrevo a nomear estará á espera no lugar que vou, da mesma maneira que sei que está no lugar que deixo. Sei que estará alí porque será eu quen o leve. Virá comigo alí onde eu vaia. Algunhas veces penso que en dicíndoo, pronunciándoo, dándolle o seu nome faríao máis debile, máis frouxo e entón a súa gadoupa deixaríase de gobernar o que fago ou non fago. Perdería toda a súa forza. Ese sería o mellor intre para enfrontarme a el. Facerlle fronte, eu contra el. Mais logo cando quero nomealo non podo, as verbas conxelan na boca e non me atrevo. Busco verbas que lle fan límite e fronteira, palabras próximas mais non me atrevo a darlle o seu nome verdadeiro e canto máis ando ao

seu arredor máis forza colle ata que definitivamente abandono a loita que nunca foi tal, sempre foi rendición. Non me atrevo a mirar para os lados, o mesmo feito de sospeitar a súa presenza é a proba de que xa está comigo. Fico inmóbil, entalado no meu asento, estático. De novo tomou control sobre min, sempre o tivo, pensar que nalgún momento non o ten é unha ilusión. Eu son o primeiro, comigo está a perfeccionar as súas estratagemas mais despois de min virán outros. Eu ben sei que el non ha ficar só comigo. Non me atrevo a pronunciar o seu nome. Mais el non ha ficar só comigo. El ha roubar outras alentos, si, el ha respirar dos alentos doutros. Sinto o seu bafo no meu colo. Non quero espertalo. Mais el ha de viaxar de alma en alma, para tomar outras. Eu ben sei porque el son eu son el.




Teño moito que facer. Estou moi atafegado. Alí onde miro sempre hai unha nova posibilidade de laborar, un outro traballo que chama por min. Fedellar arreo, traballo sen fin. Teño tanto que facer que non dou feito nada. Non podo ficar quedo. Teño tanto que facer que non sei por onde comezar. Se cadra debería escribir unha lista de todas as cousas que debería facer. Mais como sería unha lista moi longa perdería moito tempo e non teño tempo que perder porque teño moito que facer. Eu estou moi atafegado. Son moi laborioso. Ovella que bala bocado que perde. Eu son cu de mal asentado, non podo ficar parado sabendo todas as cousas que hai que facer. Quizais debería comezar polas máis urxentes. Mais as cousas máis urxentes non sempre son as máis importantes. Debería reflectir e tomar decisións. Mais iso leva tempo e mentres un pensa e dubida as cousas quedan sen facer. Non podo facer isto porque xa tiña que estar facendo o outro e aínda non fixen aquel outro. Non teño tempo a facelo todo, mais debo aproveitar o tempo todo. Xa que sendo un so, só podo facer cousas nun mesmo sitio, moito mellor sería partillarse en anacos e así podería facer varias cousas ao mesmo tempo en diferente lugares. Mellor aínda sería poder estar no presente, no futuro para facer as cousas que tería que facer despois e no pasado para rematar as cousas que non fun quen de acabar. A única maneira de conseguir isto é facer unha tarefa no presente mentres o meu cerebro proxecta o que hei de facer no futuro e o meu corazón bota de menos o que deixei sen terminar no pasado. Cismar tantos sensentidos consome moito tempo. Non debería perder tempo pensando o imposible cando un ten tanto que facer. Cambiaría os meus dous ollos por dúas mans para ver se así dou avanzado máis. Ademais se non teño ollos non me distraigo e así me podo concentrar no que teño que facer. Un traballo ben feito nunca está terminado de todo sempre se pode mellorar, sempre se pode facer algo máis. Ficar quedo é un luxo e os luxos páganse. Ás veces pregúntome que acontecería se parase, se parase de traballar, de facer cousas, porén rapidamente desisto, porque non podo perder o tempo nestes pensamentos cando teño tanto que facer. Estou moi atafegado.



17 ABRIL DO 2008 - NÚMERO 713

**rdl**

REVISTA  
**DAS  
LETRAS**



**Nancy Morejón**



# Nancy Morejón

A traxectoria de Nancy Morejón (A Habana, 1944) vai parella á Revolución cubana: a revolución triunfa en 1959 e ela publica o seu primeiro libro, *Mutismos*, no 1962, o mesmo ano no que o seu nome aparece xa na Novísima Poesía Cubana. Desde aquela, Morejón perfilou unha personalidade propia na lírica caribeña a través de dous eixes temáticos claros: o feminismo e a negritude. “Eu escribo porque necesito facelo, o impulso de escribir é irracional”, asegura esta poeta que recibiu boa parte dos grandes premios literarios do réxime castrista e que mantén alta a súa orixe humilde e portuaria. Agora, a súa obra aparece en galego con tradución de Xosé Lois García –ambos na fotografía arredor dun *mojito*– nun monográfico que antologa boa parte da poesía e amosa o apaixonamento simbólico dunha poeta fascinada polo tempo e pola beleza. “A min”, escribiu, “gustaríame que a miña escrita servise para despexar incógnitas, para mellorar cousas da identidade nacional”.

# A voz da negritude antillana

Xosé Lois García

**rcl** | 3  
Galicia Hoxe 17/04/08

Nancy Morejón (A Habana, 1944), na súa longa manifestación poética foi unha poeta precoz que aos seus dezaioito anos publicou: *Mutismos*, que a colocou como unha das voces máis prometedoras da poesía cubana dos anos sesenta e que se confirmou até hoxe como unha das grandes voces de América latina, da primeira fase en que se desenvolveu a Revolución. No 1967, aparece co título: *Richard trajo su flauta y otros argumentos*, para os cubanos representou a solidez da súa personalidade poética e da consolidación dunha voz virtuosa, esclarecida que iría desentrañando un sen fin de experiencias que Nancy desentrañou notablemente dentro do contexto da poesía cubana.

Nesta autora, os títulos de creación poética pasan dos vinte e os perfiles ofrecen unha obra tan vital e heteroxénea que nos obriga a reparar en varios deses títulos e nos rexistros que talvez son o elemento máis esclarecedor da evolución poética de Nancy Morejón, e das súas diversas formas de manifestar o seu don poético nunha etapa histórica de Cuba. En *Parajes de una época* (1979), nos dezaseis poemas que integran este título, visualiza a dignificación de persoas en loita permanente para crear o home novo; conciencia e memoria, en reciprocidade, están presentes nestes poemas que revelan a estirpe e a magnitude dun humanismo revolucionario e o cambio que se operou en varios países asoballados. Aí estivo presente a voz solidaria de Nancy Morejón.

*Octubre imprescindible* (1982) é un libro que se inscribe na poesía ideolóxica, no compromiso social, no concerto antiimperialista e na mensaxe combativa. Talvez sexa o libro que máis lexitime o proceso revolucionario cubano. O libro onde Nancy deixa unha mensaxe para os poetas chamados sociais, revolucionarios, de protesta e inconformistas que moitos deles non saíron do tópico e da rutina panfletaria. Nancy soubo percibir a temporalidade dunhas esixencias éticas e estéticas, demandadas polo pobo cubano. E, neste sentido, ela foi fiel ao proceso revolucionario, alén desas esixencias entra en diversos estadios históricos polos que pasaron os escravos negros –dado que ela procede da etnia africana e coñece puntualmente os seus sufrimentos– a marxinação da muller, o analfabetismo etc. É dicir, o postulado poético de Nancy conforma novos valores revolucionarios que se operaron en Cuba.

Outro poemario de referencia é: *Piedra pulida* (1986), no que se vertebra un humanismo esencial: rexistro dunha das mellores percepcións da poética de Nancy, no que toca a afondar na Revolución, como ben dixo dela, Mario Benedetti: “Os limpos, cálidos versos de Nancy Morejón, están atravesados por unha conciencia memorial (...) que chega a instalarse nun presente de revolución do que xa nada lle é alleo”. Nicolás Guillén percibiu así a súa poética: “Penso que a súa poesía é negra como a súa pel, cando a tomamos

en súa esencia íntima e somnámbula. É tamén cubana coa raíz enterrada moi fondo até saír por outro lado do planeta...” Esta percepción de Guillén é contundente sobre a magnitude creativa de Nancy, desde os parámetros da negritude e da cubanidade que nos traspón a unha cosmicidade na que ela nos introduce. Neste sentido, hai marcas suficientes en todo o seu proxecto creativo sobre as frecuencias e dimensións do que representa a negritude e a cubanidade na perceptibilidade dun antillano e dun negro sexa de África ou de América. Poesía con rango de universalidade que parte dun espazo e nos introduce en diversas xeografías do mundo negro. Aquí radica a proposta de Nancy en súa máis estrita creación.

Na totalidade da poética de Nancy Morejón flúen outros atributos que personifican ou individualizan o sincretismo negro operante en Cuba e nas diversas illas do Caribe, froito da ancestralidade e da sacralización africana operante en América. A súa poesía e froito, tamén, desa interiorización que a poeta asumiu de diversas realidades do universo negro, no contexto cubano. É por iso que esa forza tan poderosa e tan magnánima que aborda unha realidade empiricamente dinámica e formada en alternancias culturais que se desvelan nos seus versos. Neste encontro con persoeiros, lugares, épocas é onde se forma a súa literatura. Non dicimos poesía, dicimos literatura para concretarnos nun espazo moito mais amplo, que é onde toca teclas a Nancy. Mais non deixo de reiterar que a poesía negra das Antillas ten nela unha nobre representante en todo o que se refire a experiencias e sentimentos tan apaixonantes do que transcende do existencialismo negro que ela nos desvela e nos representa.

Nesta descrición creativa non deixaremos de revelar a súa personalidade intelectual e académica, licenciada en Lengua y Literatura Francesas, pola Universidade da Habana. Cultivou un xornalismo de investigación e crítica literaria. Traballou no mundo editorial e na promoción cultural de diversos ámbitos. Ten realizado programas culturais en televisión. Na Casa de las Américas e responsábel da revista de estudos literarios das Antillas, onde exerce un traballo de descuberta do mundo negro. A súa obra está traducida a varios idiomas. Pertence á Academia Cubana de la Lengua e ao Consejo Nacional de la Uneac (Unión Nacional de Escritores y Artistas de Cuba). No VII Congreso, celebrado hai poucas semanas, foi elixida Presidenta da sección de Escritores da Uneac. A súa obra adquiriu diversos premios.

Ensaio como: *Fundación de la imagen, Pluma al viento, “Nación y mestizaje en Nicolás Guillén*, esclarecen a enorme personalidade literaria e intelectual, no campo da investigación que Nancy Morejón está realizando. Por tanto, a ela debemos grandes revelacións sobre este a poesía de Nicolás Guillén.

# presente Brígida Noyola

*a mi abuela paterna*

ti es grao de volcán  
ancho e divino seixo  
que se torna manchas de choiva

teu cabelo longo negro  
nace desde a fronte opaca  
e chega até a boca

miúda no espírito  
voraz morena  
es canón carbón tronzado carne  
hulla magoada da noite

como a terra medras ti

*De Richard trajo su flauta y otros argumentos*

## Unha rosa

Os ollos de Abel Santamaría  
están no xardín.  
Meu irmán dorme baixo as sementes.  
Santiago aluma  
a frescura do tempo  
que nos tocou vivir.  
Un neno danza  
o doce ar de xullo  
na montaña.  
Alguén escoita a súa canción  
baixo o estrondo puro  
dunha rosa.

*De Parejas de una época*

## III

Teño un pan  
e algunhas luces simples na noite.  
Teño un libro  
e unha rosa esmirrada entre as mans.  
Teño todos os ventos  
e unha voz puntual para os prisioneiros.  
Teño unha illa poboada  
e ningún barco, ningunha pantasma allea,  
poderán disolvela  
entre as augas.

*De Cuerda Veloz*

## No país de Vietnam

Esta gaivota voa sobre o eterno ceo de Hanoi,  
como antes voaba o agresivo B-52.

Que clara é a cidade!  
É a reportaxe tan lonxincua falando das festas  
del Tet,  
da vitoria popular.

Eu estou aquí, como unha muller simple,  
como fixera Cheng Urh, como fixera Cheng Tseh,  
para cantar a vida do triunfo  
e para erguer, pedra tras pedra:  
a escola e o refuxio,  
a pagoda de Angkor, as casas de bambú,  
a bela arcada das pontes.

Oh, claro Vietnam, se cae a bomba sobre o mar  
leva a túa árbore e o teu escudo até a porta do país.  
Péchaa con firmeza.  
E se regresan –non sei, quen sabe?–, sobre o muro de ouro,  
que o invasor pereza, pérfido, xunto ao río.

*De Parejas de una época*

## O camiño de Guiné

Todos os arcoiris chegaron a desarmar os traficantes do golfo.  
A escorrentada de Bissau aínda resoa no oído do século.  
O océano verte agora súas augas sobre o primeiro alabardeiro  
portugués  
que debruza súas espadas, afogado e vencido,  
non máis conquistador.  
Un guerrilleiro triunfal das colonias desfixo aquel cerco  
de horror e submisión.  
Rei de súa pupila e de súa lanza, aleita a terra que o viu  
nacer.  
Vivificador dos combates, ordena a vida da independencia.  
Entoa con amor vello canto de seus avós.  
Home que vas nacendo,  
o camiño de Guiné está reverdecendo sen deterse.

*De Octubre imprescindible*

## Obreira do tabaco

Unha obreira do tabaco escribiu  
un poema á morte. Entre fume  
e as follas torcidas e secas da veiga  
dixo ver o mundo en Cuba.  
Era o ano 1999... En seu poema  
dixo tocar as flores  
conformando unha máxica alfombra  
que cercaba a Praza da Revolución.  
No seu poema, esa obreira  
palpou os días do mañá.  
No seu poema, non había penumbras senón lámpadas enerxéticas.  
No seu poema, amigos, non había Miami nin reclamacións;  
non había mendicidade,  
non había ruindades,  
nin violencia da lei laboral;  
non había interese pola Bolsa, non había lucro.  
No seu poema, había astucia militante, lánguida intelixencia.  
No seu poema, había disciplina e asembleas.  
No seu poema, había sangue fervendo do pasado.  
No seu poema, había fígado e corazóns.  
Seu poema era un tratado de economía popular.  
No seu poema, estaban todos os desexos e toda a ansiedade  
dun revolucionario contemporáneo seu.  
Unha obreira do tabaco escribiu  
un poema ao capitalismo agoniante. Si, señor.  
Pero nin os seus irmáns, nin seus veciños,  
adiviñaron a esencia da súa vida. E xamais souberon do poema.  
Ela o gardou, tenaz e finamente,  
xunto a unhas follas de cana santa e cáñamo  
dentro dun libro, empastado,  
de José Martí.

*De Outubro imprescindible*

## Abril

Esas follas que voan baixo o ceo,  
queren dicir a lingua da patria.

Estas aves que aspiran  
a lentitude hostil da borrasca,

xa saben que en abril precipítanse  
todas as agresións.

Oh pobo no que nacín,  
así óllote fero, xunto ao mar;  
este po que piso  
será o horto magnífico de todos.  
E se caemos outra vez  
os ósos alzaranse da area.

Aquí están as nosas almas  
no mes imprevisto, en abril,  
onde adormece a Illa como una asa.

*De Pedra pulida*

# Xunto ao golfo

“...galeotes dramáticos, galeotes  
dramáticos...”  
Nicolás Guillén

A meseta do indio  
avísanos  
a fragata do golfo.  
Manatí,  
    frecha en boca,  
atrapa o arquipélago do seu xardín.  
Beiras enloitadas,  
dentes de quenlla,  
as gubias e as conchas,  
as veigas olorosas,  
transparencias do ceo na corrente,  
entre as firmes praias do golfo:

Illas sobre illas. Illas do cántico.  
Illas. Cántico do mar sobre as illas.  
E meus ollos que vogan  
polos bordos fumeantes das herbas.

Caribe da asfixia, teu pasado perdido,  
a túa fala e teu pulmón.

O verde da frecha,  
as cidades perpetuas da lúa,  
os calendarios  
as fumaredas  
pero vexo  
    “os galeotes dramáticos”,  
o corsario sombrío  
co seu arco de napalm  
no fondo do golfo.  
Cimarrón na noite, estamos nas augas  
azuis e atopas novas illas,  
novos seres  
    que nadan xunto ao mar.  
A brisa no atardecer de cobre,  
o sol nacente  
sobre as costas de mil anos,  
vibración do lagarto,  
ponte das adegas,  
o raio de Changó e o castrón.

O sangue é quen nos demanda  
a urxencia  
    deste mundo:  
Ergan as lanzas,  
    as retinas,  
o mel e o garabato,  
que para sempre somos o golfo.

De Parejas de una época

# Auga e fogo

Auga e fogo  
son o poder  
de nosas vidas.  
A auga condúcete.  
O fogo desármame.  
Auga e fogo  
como a única virtude.  
A auga correndo  
até os teus pés.  
O fogo armando  
miñas orixes.  
Auga e fogo:  
auga nostálxica de hoxe,  
fogo volátil o de onte.  
Auga e fogo  
como dous animais,  
que ante o espello búscanse,  
como dous camiños  
que se atopan  
mortos de pavor..

De Elogio y paisaje

# Alicia Alonso

Afirmada entre a luz e o mundo,  
leve e profunda,  
adiántase a cabeza xentil  
de Alicia Alonso.  
Que sinsonte\* a seus pés!  
Que murmurio do piano!  
Soñando xunto ao tempo  
aclarado e feliz,  
adiantase a súa sombra,  
como un suave novembro despois.  
Aparecen os fiaños da choiva  
e Alicia xira e xira  
co alento de partícula talvez.  
Velaquí seu espazo eterno.  
Vamos. Silencio.  
Ela danza entre o don e a escume,  
entre a flor e o mito,  
no misterio,  
entre o mito e a flor,  
no misterio.

De Elogio y paisaje

\*Paxaro típico do Caribe.

## Divertimento

Entre a espada e o caravel,  
amo as utopías.  
Amo os arco iris e o papeliño  
e amo o cantar do peregrino.  
Amo o romance entre o oso e a iguana.  
Amo os pasaportes: cando deixarán de existir os pasaportes?  
Amo os afáns do día e das tabernas  
e a guitarra ao atardecer.  
Amo unha illa atravesada na gorxa de Goliath  
como unha palmeira no centro do Golfo.  
Amo a David.  
Amo la liberdade que é unha sempreviva.

*De La Quinta de los Molinos*

## Paisaxe célebre

Ver a caída de Icaro desde a baía de  
azuis e verdes de Alamar.

Un val ao que se espreita  
un misántropo encapuchado.  
Árbores con froitos arredor das augas  
e un homiño, só, arando sobre elas  
até incorporarse ao arco iris.

Ese homiño  
é un parente de Brueghel, o vello, meu irmán,  
que pinta a soidade da alma  
cercada por espléndidos labregos.

No atardecer e preciso as asas de Icaro..

*De Paisaxe célebre*

24 ABRIL DO 2008 - NÚMERO 714

**rdl**

REVISTA  
**DAS  
LETRAS**



**Tres poetas**



# Chus Pato

## Animalidade perdida

A Literatura galega está protagonizada polas poetas, voces que flexibilizaron o verso e abriron insólitas propostas. Revista das Letras recolle tres destas propostas nun monográfico que amosa tres poemarios de plena actualidade: *Hordas de escritura* de Chus Pato (Xerais), *Libro de Alicia* de Olalla Cociña (recente Premio Fiz Vergara, Espiral Maior) e *Vigo* de Helena de Carlos (Galaxia), galardoadado co Premio da Crítica. *Hordas de escritura* coloca a Chus Pato (Ourense, 1955) no cimo indiscutible da poesía actual. Trátase dun libro intenso e emocional no que as obsesións desta poeta de ritmo endiañado se volven máis transparentes, probablemente porque nunca como en *Hordas de escritura* se amosou tan instintiva Chus Pato, agora decidida a recuperar a animalidade do ser humano: “Somos animais, e iso é positivo. Somos corpo, sangue, glándulas, estróxenos... Temos que aceptar a propia animalidade, que é aceptar a morte”, asegura. Outra poeta, **Lupe Gómez**, foi a encargada de entrevistala.

Existen dentro de nós animais que precisan falar. Unha linguaxe fóra da linguaxe. Unha físgoa de valor incalculable. Chus Pato fala e escribe dentro dun bosque escuro, difícil e milagroso. Onde as sombras falan coa luz, e as pantasma teñen unha mirada cruel pero irónica, amarga pero divertida. Ela desordena o idioma para inventar unha política distinta. Ela crea unha beleza salvaxe, sen adornos. A súa poesía ten a forza necesaria para que o paraíso perdido recupere a súa música, os seus perfumes. Ela é algo galáctica, pois ten un mundo propio, unha mirada afastada, desbordante. *Hordas de escritura* é unha continuación desa viaxe de Chus Pato polas estradas sen asfaltar e polo fascínio.

### ***Hordas de escritura* escríbese e xira ao redor dunha cicatriz.**

*Hordas* apunta á perda da animalidade, á perda do paraíso, partindo se cadra da idea de que entrar na linguaxe é entrar na civilización e xa que logo clausurar a animalidade, clausurar o paraíso, pero como en toda clausura sempre resta algo, algo que se subtrae, unha físgoa. A metáfora é aquela construción do idioma que recorre o camiño da físgoa, que conmensura os contrarios. Entón as palabras cárganse dunha paixón estética (neuma, corazón, cerebro e ventre) que transforma a percepción e os afectos, a carne e a fala nun idioma autodeterminado que xa nada debe a quen os experimenta ou experimentou, faise anónimo e é para todos, para calquera, para ninguén. O poema alenta así entre os dous mundos, entre a civilización e a súa clausura, asume a posición da perda, dun bosque, dun océano, do silencio, do alarido, da cicatriz, da morte.

### **Es mutante e algo galáctica?**

Aos humanos gústanos pensar que o territorio se ordena seguindo as nosas necesidades, pero o certo é que o fan seguindo as necesidades das forzas produtivas, que na maioría dos casos están en contradición coas nosas aspiracións; hoxe en día primeiro constrúense as autoestradas, logo as áreas de servizo, a continuación os polígonos industriais e finalmente os cuartos dos humanos; son as vías de comunicación as que organizan os lugares onde vivimos e de repente é moi difícil definir o rural ou o urbano porque a realidade é que habitamos en espazos mutantes; ao poema e ás persoas sucédenos algo moi semellante. Fascínanme as pelis e os libros de literatura fantástica, por suposto *A guerra das galaxias*, pero a miña favorita é *Dune* de Frank Herbert e David Lynch.

### **O Método é un proceso de investigación.**

#### **Como definirías o teu proceso de escrita?**

Para min escribir é tratar de abrir o mundo. A escritura vai sempre por diante, é a través da súa expansión como aprendo e comprendo a realidade. Nese sentido escribir é un proceso de investigación. Ese ir por diante da escritura formaría parte do *Método*. Outra fórmula consiste en aproximar os códigos poéticos transitados no XX a estruturas literarias non poéticas (narrativa, dramaturxia, filosofía, outros discursos tanto auditivos como icónicos, da alta ou da baixa cultura, ect.) de tal xeito que desta laminación xurda unha sorte de estourido no código poético, que a un tempo resiste e de vez transformase nun fluído que se adapta ao desexo e á necesidade da escritura, aos saltos e baleiros da percepción e do pensamento.

### **Existe algunha relación entre a poesía e a política?**

Entre poesía e política existe a relación que ti queiras que exista. A min non me interesan especialmente os poemas que “tratan” sobre política, ou que son didácticos ou transmisores desta ou destoutra ideoloxía. Síntome cerca daqueles poemas que “inventan” unha política e un pobo futuro. Que transforman a percepción e a linguaxe e con ela o real do mundo. Que constrúen unha verdade de idioma, unha secesión, unha independencia no idioma

### **Como é Galicia desde o ceo?**

Galicia desde o ceo é un sistema de confort inmunitario, a pé de obra un campo de batalla. Galicia somos os e as galegas, os veciños que fan ruído, o alcalde de Lalín, os meus compañeiros de traballo, as miñas amigas, un político como Suárez Canal, un escritor como Méndez Ferrín, ti e mais eu. Galicia é tamén ese amor que non cede, esa sensación de fracaso moral e atraso económico, esa esperanza sen tregua.

### **Que é unha horda?**

Unha horda é unha idea de cohesión sonosférica e icónica máxima pero que transita e se move en todas as direccións, é permeábel e osmótica con todo o que se atopa, arrastra, polariza e recolle cara ao seu dentro os materiais que se realizan fóra de si. As hordas son un pregue que continuamente se desprega. As hordas comunican coa nosa animalidade (perdida), traen ao presente zonas que son comúns para nós e o resto dos mamíferos. Viaxamos con elas cara a unha noite na que os soños, a dor e as expresións do goce non poden ser enmascaradas e conéctanos con áreas de consistencia xamánica. Son a diferenza, o que sempre é verdade e o imperio non as pode contradicir e son destrución para o imperio.

### **O poema é un lugar de “diálogo”?**

Hai zonas do poema que ao meu xuízo son dialóxicas e outras que non. A emoción tal e como eu a entendo no poema é un diálogo. Por ela, pola emoción alcanzamos os rumores –a canción do vento nas nosas árbores internas–, sabemos dos bloques de turba, comprendemos o riso, as profecías. Pola emoción sabemos que non debemos turbar as esfinxes que son seres protectores. Polo demais o poema dialoga sobre todo coa propia escritura e a través dela coas criaturas do mundo e co mundo.

### **O delirio e a liberdade están presentes en *Hordas de escritura*.**

O delirio ten que ver desde o meu punto de vista coa idea dunha orfandade radical, cun dano no parentesco, cun sentido de pertenza ao tempo que se sente unha non inclusión. A lingua na que se escribe o poema e se cadra tamén a figura do poeta é un pouco así, unha lingua dentro do idioma común que pertence e de vez non está incluída. Por forza ten que situarse fóra do consenso. Senón estaríamos no tempo lineal, na crónica. Só quen escribe fóra do pactado é libre e é poeta.

### **Hai certa amargura no que escribes.**

Máis que ser pesimista ou optimista a min o que me pracería sería ter un corazón lixeiro, un corazón de paxaro.



# Olalla Cociña

## A poesía sandadora

Olalla Cociña (Viveiro, 1978) deuse a coñecer no panorama editorial galego con *As cervicais da memoria*, un libro que xa lle valera o Premio do Facho e que amosaba algunhas das constantes que agora se albiscan no *Libro de Alicia*, o poemario que lle valeu o recente Premio Fiz Vergara Vilariño. Influenciada pola palabra telúrica e erótica de Olga Novo ou polas dagas expresivas de Lupe Gómez, Olalla Cociña desenvolve a vida dunha muller que ten unha filla de solteira e que, por vontade propia, decide quedar na aldea a primeiros do século XX no canto de emigrar a América, onde vive o pai da criatura. No seu libro, segundo subliña a propia autora, está o bo da aldea pero tamén o malo, como “a violencia sutil”. A entrevista que hoxe publicamos foi realizada por **Montse Dopico**.

*“Matriusca última,/Alicia baleirouse de vida/  
para encherse de baleiro./nin sequera era aire./e  
deixouse voar, deshabitada e oca,/ausente de si  
mesma”.* Olalla Cociña recrea con versos coma  
estes no seu poemario *Libro de Alicia*, gañador  
da oitava edición do certame literario Fiz Vergara  
Vilariño, a vida dunha muller da aldea, solteira,  
que decidiu, nas primeiras décadas do século  
XX, criar a súa filla soa no canto de emigrar para  
reunirse en América co pai da nena.

“O libro nace dunha función que ten a palabra,  
que é o poder sanador. Pero non é só iso. A poesía  
é un xeito de entenderte contigo mesma e brin-  
darte aos demais. Alicia era miña bisavoa. Mo-  
rreu hai tres anos. Este poemario é algo que tiña  
pendente con ela e comigo mesma. Parte dunha  
anécdota biográfica, pero é moi fabulado”, expli-  
cou a autora, que gañou o premio Fiz Vergara con  
esta obra.

O poemario é, en certa medida, unha homenaxe  
ás mulleres da xeración de Alicia. “Foi unha mu-  
ller que decidiu quedar e afrontar a vida, loitando.  
Eu funme decatando da valentía que esa opción  
supuxo, non acabei de entendela ata agora... Nos  
poemas aparece a parte melancólica dela, o seu  
illamento en silencio, reflectidos na idea da som-  
bra. Pero o seu foi un illamento en paz, case zen,  
o dunha persoa que fixo todo o que puido. Sempre  
escoitei dela que *traballara coma un home*. E claro  
que o fixo, tivo que facer de nai e de pai”, comen-  
tou Olalla.

Nesta obra, presente e pasado camiñan da man,  
o primeiro encarnado nos personaxes das *nenas*  
–a autora e súa irmá– e o segundo en Alicia. “O  
presente mantén un fío co pasado, a tradición: os  
cantares, romances, contos. A relación con Alicia  
conectábanos ás nenas con outro plano da reali-  
dade, un mundo de ensoñación, que nos enrique-  
ceu moito. É o fío umbilical que nos leva, desde a  
miña xeración, ata á dela. É a amizade entre ne-  
nos e vellos, idades que se tocan, se entenden...”,  
subliñou.

O mar e o agro, o mundo rural, é coprotagonis-  
ta deste libro. “Crieime na vila, en Viveiro, pero  
coa aldea cerca. Quixen facer un canto atempo-  
ral a aquilo que vivín, e que se está indo –hai  
dous suxeitos: ela, Alicia, e un eu, que vai e vén–.  
Deixar constancia sincera de todo o imaxinario  
derivado da miña vivencia do rural. Tamén tento  
recuperar unha linguaxe que se perde: as palabras  
que Alicia nos transmitía, nas que nos comunicá-  
bamos con ela, e que nos conectan co noso lugar  
no mundo, a aldea”, afirmou.

“O poemario é bastante narrativo. Na primeira  
parte, refírese a aspectos como o xeito no que Ali-  
cia debeu experimentar o amor, e que eu imaxino.  
Creo que as distintas manifestacións do amor, e  
do desamor, son o que nos conforma. Na segunda  
parte xa é unha Alicia maior, enchida de sabidu-  
ría, co seu amor ás nenas. Na primeira, *lectura de  
sombras*, están as miñas incógnitas sobre o que  
ela viviu. Na segunda, descendo polo tobogán ata  
chegar ás miñas raíces: as nenas entran no mun-  
do de Alicia...”, dixo.

“E o mundo de Alicia é tamén a vellez e a mor-  
te. O silencio de Alicia tamén é por iso: nada  
queda, hai que afrontalo... Aquí, a poesía tamén  
nos conecta con outro plano da realidade: a mor-  
te neste caso, o intento de comprender a morte”,  
engadiu.

Pero o poemario ten moito máis de vida que de  
morte. O corpo, as sensacións físicas, están moi  
presentes. “A poesía é unha celebración da reali-

dade. A arte é o que nos conecta coas sensacións  
fisiolóxicas, unha conexión co mundo, coa vida”,  
asegurou.

“No libro está o bo da aldea, e o malo, como a  
violencia sutil do que dirán”, apuntou a autora.  
“Non me considero poeta, no sentido de poder fa-  
lar da *miña obra*... Non escribo moito, só cando se  
me impón unha necesidade imperiosa. Este libro é  
máis biográfico que o primeiro que publiquei, e a  
carga da sensualidade é menor. No segundo había  
un poema a Alicia que non inclúe este. Non escri-  
bo só poesía. Teño un blog, Reveladora...”, contou.

o trauma indeleble do mastro a onde te amarran  
vólvetes brava e enxordeces.  
así navegas; o enxoval picado da couza  
e sen maos.

es o mascarón de proa:  
intúes a terra porque escoitas o chíio das gaivotas  
e á noite elevas amarras con forza sublime

coma se foses un home  
no barco estache permitido fumar  
por defender dese xeito nunca visto o temón,  
e levas con destreza o rumbo  
pero os mariñeiros escurecen ao lembrarse da túa  
tatuaxe nas inguas  
unha tristura virxinal, unha roseira que soamente  
proba a brisa  
e nunca eles axexándote de esguello

parece mentira. aínda no mar entolecido  
regresas á ruta das combareiras  
negas o salitre  
e segues a beber das fontes da regueira  
como unha serea terrestre,  
a mouro dos teus contos.

o horizonte está en ti.  
non existe continente ningún que te conteña.  
farás algo para calmar esta dor minúscula  
que se traslada do xeonllo á comisura da boca  
da caluga ao peito?  
este peso diminuto que te sitúa  
no territorio intermitente e cego da hipocondría  
do preguntar ata a extenuación que significa,  
cando rematará,  
por que tu.

unha orquestra de vento, pediches  
desde a túa illa  
para acalar a angustia  
pero todas as cousas levaban xa o teu nome:  
nin sequera podías descansar a mirada.

agora xa nin lembrás que antes desta aflicción  
había unha porta,  
que ao principio de todo

había unha porta



# Helena de Carlos

## Luz, mar, memoria

Helena de Carlos (Barbantes, 1964) logrou o último Premio da Crítica con *Vigo*, un libro editado por Galaxia no que evoca a súa mocidade e afonda nas brisas do paso do tempo. Poeta de influencia clásica – é profesora de latín– e de traxectoria marcada polos longos silencios, *Vigo* devolvíaa á actualidade editorial tras publicar *1999* –unha obra tamén marcada pola físgoa do recordo e a noción xeracional– e *Alta Casa* (1996), o seu debut na Literatura galega. Desde daquela, Helena de Carlos apontoou o seu dominio do verso sobrio para crear un corpus persoal protagonizado pola forza ingobernable da memoria. A entrevista que publicamos é de **Montse Dopico**.

Luz. Verán. Mar, praia, peirao. Memoria. Infancia e adolescencia. Vida, nun mundo en perenne transformación. Así é o *Vigo* que Helena de Carlos recrea no libro do mesmo nome, gañador do premio da Crítica de poesía. Unha homenaxe elexíaca á cidade olívica, agromada da vivencia da dor. “O libro responde á necesidade de resituarme no mundo, o máis apaciblemente posible, tras afrontar a perda inesperada de seres moi importantes na miña vida. Non son a mesma que hai ano e medio. E ese cambio tan radical no teu mundo fai que mires atrás, para preguntarte quen eras, onde estabas, como era iso que perdiches... Vólveche todo, ligado a un espazo e un tempo”, explicou a autora.

“Eu defendo o carácter catárquico que pode ter a poesía, como un xeito contar unha experiencia e así desconxurala. Escribir pódete producir unha sensación de felicidade tranquila, reconfortante. A poesía tamén é un proceso de creación, artístico, pero non deixa de ser un intento de entender o mundo, de explicarte e explicar que é o teu mundo, quen es, onde estás”, matizou.

Vigo aparece nos poemas como un universo de claridade. “Medrei nun barrio en expansión, en constante metamorfose nos anos 70. Recordo aquela época como un tempo optimista, festeiro, os felices anos 70. Aínda que non todo era bo: tamén eran os últimos anos do franquismo. Vigo era unha cidade moi dinámica. Lembro as reivindicacións do sector naval... Teño todo isto asociado á infancia e á mocidade. Coa madurez, o pouso que deixan as cousas é doutro xeito, relativizamos máis, os disgustos duran menos... Pero na nenez todo é tremendo: os días de sol parécenche máis prolongados, os veráns máis longos... Escollimos para a lapela do libro unha imaxe que reflicte a explosión de luz do mediodía, a luz das praias pola mañá, a que eu vía no momento de escribir”, engadiu.

No poemario cobra, deste xeito, especial protagonismo o acontecer do tempo, coa sucesión das estacións. “No barrio onde vivía cos meus pais, xusto nunha das casas antigas que quedaban, había unha hedra nun muro. Eu admiraba fascinada como ía transformándose a hedra co paso das estacións. Quedaba horas mirando aquela hedra. Sempre fun moi sensible á percepción das estacións, do cambio que supoñen. Despois, cando estudaba na Facultade, provocoume un grande impacto un poema de Horacio que falaba de como a natureza se renova cada ano, mentres nós non: o home non retorna...”, comentou.

Pero Horacio non é o único dos clásicos que deixaron a súa pegada neste libro, zarrapicado de referencias do mundo grego e latino. “Teño moi interiorizados os clásicos, e non só polo meu traballo como profesora en Filoloxía Clásica. Xa de adolescente lía moita traxedia grega. E o feito de ter que explicar a literatura clásica fai que revisites os textos, atopando novas claves interpretativas. É algo que me ocorre por exemplo con Virxilio: cada vez que volvo a el, atopo unha clave diferente, unha resposta diferente. Sempre me identifiquei moito coas letras de Virxilio, incluso máis que cos autores contemporáneos”, sinalou.

Aínda que as influencias de Helena de Carlos non se sitúan só no mundo clásico. “Gústame moito a narrativa. Leo de todo. Ultimamente ando metida no ensaio, da miña especialidade. Creo que o ensaio é un xénero que esperta moito a cabeza, e que resulta enriquecedor á hora de escribir outra cousa. Polo demais, como no resto dos escritores da miña xeración, tivo en min unha

grande influencia, sería absurdo non dicilo, a obra de Méndez Ferrín *Con pólvora e magnolias*”.

O proceso de creación de ‘Vigo’ foi demorado, segundo conta a súa autora. “É froito dunha recompilación lenta. Algúns poemas son do 2002. Pero si creo que teñen unha unidade, pois xurdiron dun mesmo proceso vital e existencial, polo que son representativos dun período da miña vida. Non foi unha escrita rápida. En realidade eu escribo moi lento, desboto moito, necesito ler moito... Escribo en momentos de pulsión, de necesidade de contar algo, de explicarme”.

E parella a esa necesidade de expresarse, vai a de atopar interlocutor. “O premio chegoume nun momento excelente desde o punto de vista vital. O libro non tivo presentación. Houbo algunha recensión, non moitas. Fixéronme unha entrevista no *Diario Cultural*... As críticas foron boas. Pero o máis especial foi como foi acollido pola xente, por todas as persoas, non só de Vigo, que me comentaron que se sentiran identificadas, representadas, que se emocionaron ao ler o libro. Para min foi moi importante ver esa capacidade de comunicar que acadou o libro, de facer partícipe á xente, que é algo do que eu non fora moi consciente á hora de escribir. É moi gratificante que estea alguén para recoller o que queres dicir”, afirmou.

*Vigo* amosa características en común coas anteriores obras de Helena de Carlos, como o poemario *1999*. “Naquel libro tamén había unha reflexión sobre quen era, como chegara a ser o que son... Pero naquela ocasión o motivo era o 2000 como data referencial, e esta vez o poemario partiu da experiencia dunhas ausencias que eu non agardaba”, dixo. Helena de Carlos valora, por último, o recente protagonismo que están a acadar na poesía galega creadoras novas coma ela, con non moitos libros publicados. “É un fenómeno interesante, que se cadra non está todo o explotado que podía estar”, concluíu.

Vigo ten dobre faciana, o mesmo ca xaneiro,  
e por iso  
é dona da morte e do amor  
é dona.  
E é cidade ás veces, e tamén  
mar de brétema gris, a máis rebordada de luz  
e a raíña das sombras. En Vigo  
sentín tremer a pel como só tremen  
bolboretas espidas de po, e oín tamén  
o laio morno do amancer  
entre os que van para mkortos,  
e a luz dos hospitais vina quebrar  
ante a forza infinita dun sol que nos collía almorzando  
e quencín entre os xornais como un peixe  
sen horas.  
En Vigo amei un home  
mentres perdía as casas todas.

**Coordinación: A.R. López e Montse Dopico. Diseño: Signum.**

